

ACTIVIDADES PREVISTAS POLA ANPA PARA O CURSO 2023/24

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP de Roxos é unha asociación sen ánimo de lucro formada por persoas voluntarias que entende o seu labor dende a **cooperación e o traballo colectivo** tanto co colexio coma cos demais axentes da comunidade educativa na que se integra. Neste senso, pretende servir como vehículo de comunicación entre as familias e a dirección do centro escolar e de igual xeito en sentido inverso.

Segundo queda recollido nos seus estatutos, a ANPA ten como fins principais a defensa do dereito dos nenos e nenas a recibir unha **educación integral**, o apoio e fomento da **participación das familias** na formación dos seus fillos e fillas e a promoción e **realización de actividades** de carácter educativo, cultural e deportivo que favorezan o proceso formativo de todo o alumnado. Nesta liña, as actividades previstas pola Asociación para o curso 2023/24 son as seguintes:

1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO

As actividades extraescolares realizaranse durante as xornadas lectivas en horario de 16:30 a 17:30, de 17:30 a 18:30 e, excepcionalmente, de 18:30 a 19:30, nos seguintes espazos autorizados: aula de psicomotricidade, pavillón, patio, aula de relixión e comedor. As actividades que se van levar a cabo, suxeitas aínda a posibles cambios tanto de grupos coma de horarios no momento de redactar este informe, son: **baloncesto, fútbol sala, patinaxe, ballet, teatro, robótica, cociña, ioga, judo, atletismo e baile moderno**. Tamén se ofreceron como extraescolares: **percusión, zumba, baile galego, deportes de raqueta, pandeireta e xadrez** pero non puideron consolidarse grupos polo baixo número anotados.

Este curso, como novidade en relación aos anteriores, as actividades extraescolares deixan de estar xestionadas na súa totalidade pola empresa **ACTEX** e pasan a depender de distintas organizacións, na procura dunha maior diversidade e especialización nas disciplinas correspondentes. Así, pois, **ACTEX** seguirá facéndose cargo de **ballet, ioga, teatro e judo**, mentres que **baloncesto** dependerá do **Obradoiro CAB**, **robótica** da empresa **Stemrobots**, **fútbol sala** de **Meigas FS Club Feminino**, **atletismo** do **Club de Atletismo O Pino** e **patinaxe e baile moderno** de **Galicia FX**.

Todas as actividades propostas dende a ANPA teñen carácter lúdico, educativo e/ou deportivo e están pensadas para promover hábitos saudables, dar a coñecer distintas disciplinas artísticas, físicas e culturais e, ao mesmo tempo, facilitar a **conciliación familiar**. Neste senso, a asociación tamén pon a disposición do alumnado, os luns de setembro/outubro durante as titorías iniciais, un servizo gratuíto de **ludoteca** para as familias que o soliciten previamente.



| | | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---------------------|------------------|---|---------------------------------------|---|---------------------------------------|---|
| 16:30 a 17:30 | Aula Psicom. | Ludoteca (*Servizo puntual) | | Ballet (Infantil e Primaria) | Teatro (Infantil e Primaria) | Baile moderno (Infantil e Primaria) |
| | Pavillón | Baloncesto Obradoiro CAB (1º, 2º e 3º de Primaria) | Fútbol Sala (Primaria) | Baloncesto Obradoiro CAB (1º, 2º e 3º de Primaria) | Fútbol Sala (Primaria) | Atletismo (Primaria) |
| | Patio | | Patinaxe (2º - 6º de Primaria) | | Patinaxe (Infantil e 1º Primaria) | |
| | Aula de Relixión | | Robótica (Infantil e Primaria) | | | Robótica (Infantil e Primaria) * Primaria remata ás 18h |
| 17:30 a 18:30 | Aula Psicom. | Ludoteca (*Servizo puntual) | | loga (Infantil e Primaria) | Judo (Infantil e Primaria) | |
| | Pavillón | Atletismo (Primaria) | Atletismo (3º, 4º, 5º de Primaria) | | Atletismo (3º, 4º, 5º de Primaria) | |
| | Patio | | Patinaxe (2º - 6º de Primaria) | | | |
| | Comedor | | | Cociña (Infantil e Primaria) | | |
| 18:30 a 19:30 | Pavillón | | Atletismo (5º e 6º de Primaria) | | Atletismo (5º e 6º de Primaria) | |

2. FOMENTO DA COMUNICACIÓN E DA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

Dende a Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as de Roxos considérase que unha **comunicación bidireccional fluída** é a mellor ferramenta para que os pais, nais e titores legais do alumnado poidan manter co colexio unha relación saudable baseada **no respecto e na confianza**. Neste senso, vaise actualizar o espazo do que dispón a asociación dentro da páxina web do colexio con información sobre o funcionamento e finalidade da ANPA, posibles vías de contacto e un enlace de descarga permanente co formulario preciso para asociarse. Tamén se vai reactivar o Facebook da asociación para empregalo coma canle habitual de avisos e

solicitaráselle ao colexio a difusión de mensaxes a través do servizo Abalar cando estas teñan como destinatarias a totalidade das familias (socias e non socias).

| Accións destinadas a fomentar a comunicación e a participación das familias |
|---|
| Actualización da páxina web da ANPA |
| Creación de contidos para o Facebook da asociación |
| Campañas periódicas para a captación de novos socios |
| Emprego do servizo Abalar cando as destinatarias da mensaxe sexan todas as familias |
| Celebración de reunións e asembleas informativas con carácter periódico |

3. PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LÚDICAS E FORMATIVAS DIRIXIDAS A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP de Roxos ten previsto realizar durante o curso 2022/23 unha serie de actividades e obradoiros de carácter teórico e práctico destinadas tanto ao alumnado como as súas familias. O primeiro deles está previsto que se celebre neste primeiro trimestre e consistirá **na decoración e colocación de comedeiros e casas de madeira** na contorna do colexio. Estará destinado a nenos e nenas de Educación Infantil e o primeiro ciclo de Primaria e, ademais de crear deseños artísticos e personalizados, servirá para aprender novos datos sobre a **fauna local** e sobre o seu ciclo de vida.

Na última semana de novembro, levaranse a cabo no CEIP de Roxos unha serie de obradoiros de **Teatro pola Igualdade**, da man da consultora de coeducación **COEDUCA**, especializada en **promover a igualdade de xeito lúdico** a través de actividades de cine, teatro, radio e baile. Subvencionada na súa totalidade pola Xunta de Galicia, a programación para o colexio incluírá clases de interpretación teatral destinadas a previr os estereotipos e a violencia de xénero e favorecer a sensibilización en materia de igualdade entre os máis pequenos. A actividade, ademais, contará coa colaboración da Asociación de Veciños “A Unión” de Villestro, a sociedade deportiva Villestro SD e o Club Deportivo O Pino para a súa difusión.

A ANPA tamén se adscribirá, dará publicidade e intentará fomentar a participación das familias do colexio nas distintas convocatorias e certames que organice a Federación Galega de Anpas Compostela como, por exemplo, o concurso “**Fotografías pola Igualdade**” que ten como obxectivo a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.

4. PROMOCIÓN DE HÁBITOS SAUDABLES A TRAVÉS DO DEPORTE

A través da iniciativa **Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar (XOGADE)**, na que o deporte se caracteriza pola súa **base humanista, educativa e saudable**, os nenos e nenas de

Roxos volverán ter, un ano máis, a posibilidade de competir con clubs e colexios de toda Galicia, e sempre coa ollada posta na promoción da súa saúde e benestar físico e emocional, na mellora do seu rendemento e na función integradora e de cohesión social do deporte.

5. CAMPAMENTOS DE NADAL, ENTROIDO, SEMANA SANTA E VERÁN

Para facilitar a **conciliación familiar** durante as vacacións de Nadal, Entroido, Semana Santa e os meses de verán (agás agosto), a Asociación de Nais e Pais do CEIP de Roxos volverá organizar, xunto con distintas empresas, unha serie de campamentos lúdicos e formativos que se celebrarán en días non lectivos.

Neles, entre outras actividades, os nenos e as nenas poden participar en obradoiros de ciencia, sesións de expresión artística, *scape rooms* e, cando o tempo o permita, xogos ao aire libre, procurando fomentar sempre a **creatividade**, a **igualdade de oportunidades** e dándolle valor ao xogo como ferramenta de **socialización** e **aprendizaxe**.

6. APOIO NOS FESTIVAIS DO COLEXIO E NOUTRAS ACTIVIDADES

Un ano máis, a ANPA ten previsto **colaborar nas celebracións** que se leven a cabo no CEIP de Roxos: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido ou o festival de fin de curso.

Por segunda vez no CEIP de Roxos, promoverase a realización dunha **orla** na que aparecera todo o alumnado que remate 6º de Primaria xunto cos seus mestres. Ademais da foto de grupo, a ANPA volverá ceder a esclavina que serve como **senal de identidade e de pertenza** ao grupo e que está depositada no colexio para vindeiros cursos